Prego de condicións económico-administrativas para contratar mediante procedemento aberto, tramitación anticipada, con varios criterios de adxudicación, a execución das obras de "Reposición e mellora de céspede artificial e rego, do campo de fútbol dos Remedios"

I. Configuración Xeral do Contrato.

1.- Xustificación e idoneidade: En cumprimento do establecido no artigo 22 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de Novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP), a celebración do presente contrato proxectado, xustifícase pola necesidade de executar a obra descrita no cadro de características de este prego, debido sobre todo o desgaste observado nas superficies a renovar e o estado do rego, producido polo masivo uso destas instalacións e o paso do tempo, do campo de fútbol dos Remedios.

2.- Xustificación da elección do procedemento de adxudicación:

En cumprimento do establecido nos artigos 109.4, 138.2 e 157 TRLCSP, o procedemento será aberto por tramitación anticipada, con varios criterios de adxudicación. Faise unha tramitación anticipada do gasto, en aplicación do artigo 173.6 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e do artigo 31 das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Ourense. En consecuencia a adxudicación do contrato queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato nos orzamentos do Consello Municipal de Deportes para 2017, desistindo do procedemento de non existir o crédito axeitado para a realización das obras. En ningún caso poderán adoptarse acordos de compromisos de gasto e de adxudicación do contrato, en tanto non entrara en vigor a modificación orzamentaria que outorgue o carácter de dispoñibles ós créditos orzamentarios destinados á súa cobertura.

Terán carácter contractual, o presente prego e o proxecto básico e de execución aprobado polo Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes (en diante, CMD) como órgano de contratación, con data do 9/3/2017, o documento de formalización e a oferta do adxudicatario aprobada polo órgano de contratación.

O contrato asinado terá carácter administrativo, de conformidade co artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, (TRLCSP).

Segundo o Reglamento (CE) nº 213/2008 da Comisión de 28 de novembro de 2007 que modifica o Reglamento (CE) nº 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello relativo ao Vocabulario Común é aprobado (CPV), o obxecto do contrato corresponde co seguinte código: 39293400-6 céspede artificial.

II. Claúsulas Administrativas:

Artigo 1.- Obxecto:

Este prego ten por obxecto a contratación, mediante procedemento aberto, tramitación anticipada, con varios criterios de adxudicación, da execución das obras de "reposición e mellora de césped artificial e rego, do campo de futbol dos Remedios". As características das obras e as condicións nas que se deberán realizar constan no proxecto, aprobado polo Consello Reitor en data 9/3/2017 e consisten, básicamente, na desmontaxe, reciclaxe e aproveitamento do campo de céspede artificial existente, repoñendo unha nova superficie de céspede artificial sobre capa viscoelástica no campo de futbol 11 dos Remedios, sustituindo o rego existente que está deteriorado por un rego a base de canóns emerxentes.

O obxecto do contrato inclúe a conservación e mantemento das obras durante a vixencia do prazo de garantía, de acordo coas condicións establecidas no artigo 16 deste prego.
O contrato adxudicarase polo procedemento aberto, tramitación anticipada, previsto e regulado polos art. 157 a 161 do TRLCSP, e concordantes.
O órgano de contratación é o Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes de Ourense de conformidade co establecido no art. 9.i) dos seus Estatutos.
O contrato rexerase por:
a) As cláusulas contidas neste prego de cláusulas administrativas particulares.
b) As cláusulas contidas no prego de cláusulas técnicas particulares incluidas no proxecto de obras
c) Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, (TRLCSP)
d) Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de contratos do sector público.
e) O Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RGLCAP).
f) A lei 39/2015 de 1 de outubro , de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
g) Calquera outras disposicións que regulen a contratación tanto no ámbito estatal como da Comunidade Autónoma de Galicia e que resulten aplicables no ámbito desta.

Artigo 2.- Descrición das obras:

- Desmontaxe , retirada e acopio en obra de equipamentos deportivos (porterías) para posterior instalación así como de muros e valados, portas ou outros elementos que na actualidade rodean os campos, sendo responsable a empresa adxudicataria da súa reposición, si custo para o CMD.
- Retirada de césped artificial por medios especializados e mecánicos mediante a utilización de maquinaria específica do tipo Turfmuncher, Revo ou similar para desmontaxe de campos de céspede artificial.
- Con anterioridade o inicio dos traballos de desmontaxe propiamente ditos, procederase o corte dos rollos mediante la utilización de maquinaria do tipo Turfmuncher ou similar en unha anchura de 2m de lonxitude.
- Posteriormente mediante utilización de maquinaria especial para a extracción de granulado de caucho, do tipo Turfmuncher, Revo ou similar, dotada de cinta transportadora para extracción de césped e a súa transferencia ao interior da máquina para a extracción do recheo de area e granulado de caucho mediante acción dos batidores que xunto a acción de un cepillado posterior, permitan a práctica eliminación da totalidade do recheo.
- O recheo será transportado e acumulado en Big Bags impermeables para a súa posterior utilización.Os rollos de césped de 2 m. de ancho serán tamén enrollados de forma uniforme e serán acopiados, transportados e postos a disposición do Consello Municipal de Deportes nas dependencias municipais ou xestión en vertedoiro autorizado conforme a normativa vixente para este tipo de resíduos. A Dirección facultativa solicitará certificado de xestión de ditos residuos. Este requisito será imprescindible para a entrega de obra e posterior pago da mesma.
- Limpeza e da superficie existente antes da colocación do novo césped mediante barredora mecánica e recheo de defectos de planeamento.
- Instalación de red de rego con cañóns emerxentes de largo alcance.
- Colocación de base elástica prefabricada de 10 mm mínimo de características necesarias para a obtención da certificación FIFA QUALITY PRO.

- Colocación de nova manta de céspede sintético de 12.000 dtex e 45 mm de altura lastrado con area de sílice e caucho.céspede artificial de última xeración para a práctica de fútbol 11, fabricado mediante sistema TUFTING dunha medida de galga 5/8? con 14 Punt/dm, resultando 8.750Punt/m2., SEGUNDO ESPECIFÍCASE NO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN.
- Posteriormente, na instalación, realízase como capa inferior, un proceso de lastrado, con area de cuarzo redondeada, lavada e seca, cun 97% de sílice, granulometría entre 0,3/0,8 mm, nunha cantidade de 20 Kg/m2 aproximadamente. Como capa superior e acabado superficial realízase un estendido de granulado de caucho SBR, cor negra, nunha proporción de 9 Kg/m2aproximadamente e cunha granulometría entre 0,5 / 2.5mm.
- Marcaxe de campos.- A marcaxe se fará con liñas do mesmo tipo de cespede que o campo de fútbol de cor branco e de 10 cm de anchura para os campos de futbol 11 e de cor amarelo con un anchura de 7 cm., para os campos de futbol 8.

Artigo 3.- Orzamento da licitación:

O prezo do contrato fixado pola Administración contratante é de 205.420,94 €, máis 43.138,40 € de IVE, dando un total de 2248.559,34 €. As ofertas dos licitadores deberán indicar en contía aparte o IVE.

O valor estimado do contrato aos efectos do previsto no artigo 88 do TRLCSP é de 205.420,94 €.

O orzamento de licitación inclúe todos os gastos, impostos, taxas, gastos de visado e cantos recaian sobre o obxecto do contrato.

Artigo 4. Procedemento de adxudicación:

O procedemento de adxudicación do contrato será o procedemento aberto, tramitación anticipada, con varios criterios de adxudicación, en atención ao disposto no artigo 138 a 161 del TRLCSP, e de conformidade co artigo 150 do TRLCSP.

Artigo 5.- Comprobación do planeamento e prazo de execución:

A execución deste contrato comezará coa acta de comprobación do planeamento, que se realizará no prazo fixado no contrato e, no seu defecto, no prazo máximo de 10 días desde a súa formalización.

O prazo máximo de execución deste contrato non poderá exceder de **60 días naturais** contados dende o día seguinte ó da data de sinatura da acta de comprobación do planeamento.

Artigo 6.- Capacidade para contratar:

Poderán concorrer a este procedemento as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e non estean incursos en causa de prohibición ou incompatibilidade.

En canto á solvencia técnica, os licitadores deberán cumprir os seguintes requisitos os cales serán acreditados a través da presentación da documentación que se sinala no artigo 7 e incluílos non sobre núm. 2 da oferta:

- Terá implantado o sistema UNE-EN ISO 9001:2000 no ámbito de fabricación, distribución e instalación de pavimento deportivo de céspede artificial.
- Terá implantado o sistema UNE-EN ISO 14001:1996, sistemas de xestión medioambiental no ámbito de fabricación, distribución e instalación de pavimento deportivo de céspede artificial.

- O céspede a instalar debe cumprir cos parámetros de durabilidade e resistencia climática, en concreto, deberá cumprir coas normas UNE EN 15330-1:2008, superficies deportivas e, con respecto ó criterio de calidade FIFA Quality Concept for football Turf, manual 2015 ou posterior.
- Experiencia acreditada na realización de obras de semellante natureza (artigo 7. sobre 2, doc. 7).

Os que acudan á licitación poderán facelo por si ou por persoa autorizada, mediante poder validado sempre que non estean incursos en causa de prohibición ou incompatibilidade.

Artigo 7.- Lugar e Forma de presentación das proposicións:

Toda proposición presentarse en Rexistro Xeral do Consello Municipal de Deportes de Ourense, R/Pardo de Cela, 2, de 9 a 14 horas, de luns a Venres, ou en calquera das formas permitidas por a lexislación vixente.

Se a proposición se presenta por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. O único número de fax válido será 988 370727 . Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, dez días seguintes á indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

As proposicións presentaranse en sobre pechado e asinado polo licitador no que figurará a inscrición **"Proposición para participar no procedemento aberto con varios criterios de adxudicación para a contratación da execución das obras de Reposición e mellora de céspede artificial e rego, do campo de fútbol dos Remedios".**

Dentro deste sobre xeral incluiranse os seguinte sobres pechados e asinados polo licitador:

Sobre núm. 1. Documentación administrativa: que conterá a seguinte documentación:

Doc. 1: Presentarase unha declaración responsable conforme ao modelo recollido no Anexo II indicando que se cumpren as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración e coas sinaladas no artigo 11 de este prego, ao tempo de finalización do prazo de presentación das proposicións.

Sobre núm. 2. Documentación técnica: conterá a seguinte documentación:

Doc. 1: Memoria. A memoria deberase axustar ao contido do Proxecto aprobado previamente. Conterá unha memoria que describirá con detalle la solución acorde co establecido no Proxecto e nas condicións técnicas alí contidas, os procesos de execución das actividades importantes da obra, debendo reflectir un enfoque e un plantexamento realista e adecuado do conxunto da obra, tanto na súa planificación territorial como temporal, todo isto analizado en coherencia cos medios propostos e as prescricións establecidas.

Doc. 2: Programa de Traballo. O programa de traballo deberá redactarse de modo que o prazo total da obra coincida co sinalado no proxecto. O programa de traballo, incluídos os seus prazos parciais, entenderase como integrantes do contratos a efectos da súa esixibilidade.

Doc. 3: Mostra do céspede sintético a instalar conforme o especificado no artigo 2 do presente prego e recollido no proxecto aprobado ao efecto. A mostra sera de tamaño DIN A4

Doc. 4: Documentación que acredite que a empresa teña implantado sistema UNE-EN ISO 9001:2000 no ámbito de fabricación, distribución e instalación de pavimento deportivo de césped artificial.

Doc. 5: Documentación que acredite que a empresa teña implantado sistema UNE-EN ISO

14001:1996 Sistemas de Gestión medioambiental no ámbito de fabricación, distribución e instalación de pavimento deportivo de césped artificial.
Doc. 6: Documentación acreditativa que o céspede a instalar cumple cos parámetros de durabilidad e resistencia climática aportando informes de laboratorios externos homologados por FIFA en concreto con respecto as normas UNE EN 15330-1:2008, superficies deportivas, e con respceto o criterio de calidade FIFA Quallity Concept for football Turf, manual 2015 ou posterior.
Doc. 7: Unha relación das principais obras executadas nos últimos 5 anos avalada por certificados de boa execución, debendo quedar acreditado a realización de seis obras similares durante os 5 últimos anos con un orzamento de contratación superior a 200.000 euros cada unha das obras. (No caso de traballos realizados en UTE con outras empresas deberá facerse constar unicamente a parte proporcional en función da porcentaxe de participación da empresa na citada UTE).

Sobre núm. 3. Proposición económica: que conterá a proposición económica axustada ao modelo inserido ao final deste prego (anexo I). Non se aceptarán variantes nin alternativas.
A presentación das propostas deberá axustarse ao contido neste prego, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario da totalidade das devanditas cláusulas ou condicións, sen excepción ou reserva ningunha.

Artigo 8.- Prazo de presentación das proposicións:
O prazo para presentar as proposicións será de 26 días naturais, contados a partir do seguinte a aquel o que apareza inserido o anuncio no BOP e no DOG, de 9:00 a 14:00 horas.
Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, ou Consello Municipal de Deportes, conta co Perfil de Contratante ao que se terá acceso na páxina web seguinte: (www.deportesourense.com)

Artigo 9.- Apertura de proposicións e mesa de contratación.
Estará integrada polo presidente do CMD, o xerente deste organismo, o interventor municipal e o oficial maior do Concello de Ourense, actuando como secretario o administrador do CMD. Para a súa constitución requirirá a maioría absoluta dos seus membros, e en todo caso do presidente e do secretario, que levantará acta na que se recollan as actuacións, e tomará os acordos por maioría simple dos membros presentes.
A licitación axustarase ás normas establecidas na lexislación vixente.
A mesa de contratación poderá solicitar antes de formular a proposta, os informes técnicos que considere necesarios que teñan relación co obxecto do contrato.
A mesa de contratación, cualificará previamente os documentos presentados en tempo e forma contidos no sobre núm. 1. Se observase defectos materiais na documentación presentada comunicarao aos interesados, e concederá un prazo de 3 días para que o licitador emende o erro.
O acto de apertura de proposicións do sobre núm. 2 terá lugar nun prazo non superior a 7 días a contar dende a apertura da documentación administrativa. Este acto será público e a determinación do día e hora realizarase mediante anuncio no PERFIL DO CONTRATANTE (www.deportesourense.com).
A apertura da oferta económica realizarase unha vez valorados os criterios non cuantificables automaticamente. O acto igualmente será público e anunciarase no PERFIL DO CONTRATANTE (www.deportesourense.com)

Artigo 10.- Valoración das proposicións.

As normas para a valoración dos criterios de adxudicación son as seguintes:
Criterios cuantificables por fórmula, non sometidos a xuicio de valor: 100 puntos.

1.- Oferta económica (85 Puntos). Valorarase seguindo a seguinte fórmula:
Puntuación = Pb x (Om/Oc)
*Pb = puntuación máxima a asignar (85 puntos)
*Om = Oferta menor
*Oc = Oferta concursante
Consideraranse incursos en presunción de temeridade aquelas empresas que presenten unha oferta económica cuxa baixa se distancie en máis de 10 puntos porcentuais da baixa media.
Cando se indentifique unha proposición que poida ser considerada anormal ou desproporcionada consonte ó establecido no parágrafo anterior, actuarase segundo o previsto no artigo 152 do TRLCSP. Para os que estean incursos nese caso concederaselles un prazo de 10 días naturais para a súa xustificación.

2.- Redución do prazo de execución da obra (ata 15 puntos)

A proposta e valoración farase en base a días como forma de medión do tempo, considerándose, a todos os efectos, os meses de 30 días e as semanas de 7 días naturais. Asignarase 1 punto por cada día de redución no prazo máximo para a execución das obras previsto no artigo 5 deste prego, ata un máximo de 15 puntos.

Artigo 11.- Ordenación decrecente das ofertas

A mesa de contratación, de acordo co disposto no artigo 320 TRLCSP elevará as proposicións presentadas xunto coa acta e valoración ao órgano de contratación.
O órgano de contratación clasificará as proposicións presentadas por orde decrecente, salvo as declaradas temerarias, e requirirá ao licitador que presentase a oferta económica máis vantaxosa para que no prazo de dez (10) días hábiles a contar dende o seguinte a aquel no que houbese recibido o requirimento achegue a seguinte documentación:
Doc. 1: presentación do contratista. Débese completar unha folla cos seguintes datos:

- –Razón social da empresa:
- –CIF, NIF ou NIE:
- –Dirección física da empresa:
  - –Provincia:
  - –Cidade:
  - –Rúa/estrada:
  - –Núm./Km.:
  - –Código postal:
- –Teléfono:
- –Fax:
- –Correo electrónico:
- –Nome do representante legal e núm. do DNI:
- –Persoa de contacto:
- –Número total de traballadores:
- –Sector:

Doc. 2: documentos que acredite a personalidade do licitador. DNI, se é empresario individual ou

escritura de constitución ou modificación, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil, se é persoa xurídica. Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro deberán presentar o DNI e **poder debidamente validado pola Secretaría do Consello Municipal de Deportes.** Cando dúas ou máis empresas presenten oferta conxunta de licitación, cada unha delas acreditará a súa personalidade e capacidade, debendo indicar os nomes e as circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles e designar un representante ou apoderado único que ostente a plena representación de todos fronte á administración. As empresas agrupadas deberán acreditar ante a administración, se resultaren adxudicatarias, a constitución da agrupación e o CIF desta.

Doc. 3: declaración responsable de non estar incurso o licitador nas prohibicións para contratar recollidas no art. 60 TRLCSP, segundo o anexo III do presente prego.

Doc. 4: documentos acreditativos da solvencia económica e financiera: declaración apropiada de entidade financiera.

Doc. 5: compromiso de presentar plan de seguridade e saúde e plan de xestión de residuos no prazo de 10 días naturais desde a adxudicación, no que figurará o responsable da empresa en materia de seguridade. (Presentaranse catro exemplares.). Os plans de seguridade e saude e mailo plan de xestión de residuos serán conformes co disposto no RD 1627/1997 de 24 de Outubro e RD 105/2008 de 1 de Febreiro.

Doc. 6: Certificación administrativa, expedida polo órgano competente, de estar ó corrente das súas obrigas tributarias coa facenda estatal e de non existir débeda tributaria en periodo executivo.

Doc. 7: Certificación administrativa, expedida polo órgano competente, de estar ó corrente das súas obrigas tributarias coa facenda autonómica e de non existir débeda tributaria en periodo executivo.

Doc. 8: Certificación administrativa, expedida polo órgano competente, de estar ó corrente das súas obrigas tributarias coa facenda municipale de non existir débeda tributaria en periodo executivo.

Doc. 9: Xustificación de estar dado de alta e ó día no imposto de Actividades Económicas, mediante presentación do último recibo ou certificado de exección.

Doc. 10: Certificado de estar ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social.

Doc. 11: Certificado de ter constituida a garantía definitiva na Tesourería do Consello Municipal de Deportes.

Se os licitadores están inscfritos no Rexistro Oficial de empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas, poderán indicalo compañando a correspondente certificación, onde se recollan os extremos a que se refire o artido 328 do TRLCSP. Neste caso estarán dispensados de presentar os datos que figuran inscritos, sen prexuicio de que a Administración, poida solicitar aqueles datos ou documentos que considere necesarios co fin de verificar ou comprobar a exactitude e vixencia destes.

Se no prazo anteriormente sinalado non se recibise esta documentación ou o licitador non xustificase que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, entenderase que o licitador retira a súa oferta e requirirase a mesma documentación do seguinte licitador.

Artigo 12.- Garantía definitiva.

O prazo para constituír a garantía definitiva será de dez (10) días hábiles a contar dende o seguinte a aquel no que tivese recibido o requirimento.

O importe da fianza definitiva será do 5 por 100, do importe de adxudicación, IVE excluído. De non

cumprir este requisito por causas imputables ao adxudicatario entenderase que o licitador retira a súa oferta e recadarase a mesma documentación do seguinte licitador.

Artigo 13.- Adxudicación.
O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco (5) días hábiles seguintes ao recibo da documentación.
A adxudicación, que será motivada, notificarase aos licitadores e publicarase no PERFIL DO CONTRATANTE (Web: www.deportesourense.com).

Artigo 14.- Formalización do contrato.
O contrato formalizarase en documento administrativo dentro do prazo de 15 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da notificación da adxudicación. A formalización do contrato publicarase no PERFIL DO CONTRATANTE (Web: www.deportesourense.com)., no BOP e no DOGA.

Artigo 15.- Subcontratación.
De conformidade co establecido ao art. 227.1 TRLCSP, no presente contrato non cabe subcontratación.

Artigo 16.- Execución do contrato
As obras realizaranse de conformidade coas estipulacións recollidas no presente prego de cláusulas administrativas e no proxecto básico e de execución. Corresponde á Administración exercer, de xeito continuado e directo, a inspección das obras durante a súa execución.
O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no Proxecto aprobado e toda a documentación que a integra, así como de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, sempre e cando sexan compatibles co Dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 117 do TRLCSP.
Así mesmo, deberá empregar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.
Recepción e recusación de materiais.- O contratista só pode empregar os materiais na obra previo exame e aceptación polo Técnico-Director, nos termos e formas que este sinale, para o correcto cumprimento das condicións convidas. Se o Técnico-Director non aceptase os materiais sometidos o seu exame deberá comunicarllo por escrito ao contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.
Obras defectuosas ou mal executadas.- Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva o contratista responderá da correcta execución da obra contratada, sen que sexa eximente, nin lle dea dereito algún, a circunstancia de que os representantes da Administración examinaran o recoñecido, durante a súa construción, as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que foran incluídos estes e aqueles nas medicións e certificacións parciais.
Demolición e reconstrución das obras defectuosas ou mal executadas.- Se se advirten vicios ou defectos na construción, ou se teñen fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o Técnico-Director ordenará durante o curso da execución, e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolición - reconstrución das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comprobar a existencia de tales defectos ocultos.

O adxudicatario achegará un certificado emitido por laboratorio alleo á empresa, acreditado por ISSS (International Association for Surface Sciencies) e homologado por FIFA, acreditativo de que

o céspede instalado na obra cumpre cos parámetros biomecánicos de durabilidade e resistencia climática do criterio de calidade UNE EN 15330-1:2008, superficies deportivas e criterio de calidade FIFA Quallity Concept for football Turf, manual 2015 ou posterior. A presentación deste certificado pola empresa adxudicataria realizarase unha vez remata a obra e previa a recepción das mesmas, sendo requisito esencial para aprobación da acta de recepción e do cobro da certificación finalista da mesma. A certificación final da obra deberá comprender, alomenos, o 20% do prezo de adxudicación (IVE incluído).

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado a conservación e mantemento das obras, seguindo, no seu caso, as instrucións que reciba do Técnico-Director, sendo responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan e alomenos comprenderá o seguinte:

- Inspección das xuntas e líneas de marcaxe (en especial puntos de penalti), saneando as que estén en mal estado.
- Descompactación e descontaminación dos recheos por medios mecánicos.
- Redistribución por medios mecánicos do caucho e area de recheo con aportación do granulado de caucho necesario para o seu correcto estado.
- Aplicación de herbicidas en caso de producirse contaminación con vexetación.

Se as obras se deteriorasen por incumprimento desta obrigación, os traballos necesarios para a súa reparación executaranse pola Administración contratante, a costa do contratista.

Artigo 17.- Demora na execución do contrato.

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución da obra fixado no contrato e dos prazos parciais establecidos. Se chegado o termo de calquera dos prazos citados, o contratista incorrera en mora por causas imputables ao mesmo, a Administración poderá optar pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades económicas. Estas ascenderán a 2,50 € por cada mil euros do prezo do contrato. Aplicarase igualmente o sinalado no artigo. 212 TRLCSP e concordantes.

A perda da garantía ou os importes das penalidades, non exclúen a indemnización por danos e perdas a que poida ter dereito a Administración, orixinados pola demora do contratista.

Se o atraso fora producido por motivos non imputables ao contratista, estarase ao disposto no art. 213.2 TRLCSP.

En todo caso, a constitución en mora do contratista non requirirá interpelación ou intimación previa por parte da Administración.

Ditas penalidades imporanse, no seu caso, polo órgano de contratación, despois da audiencia ao contratista polo prazo de dez días naturais, e deduciranse, preferentemente das certificacións ou, no seu defecto, pagaranse con cargo á garantía do contrato.

Artigo 18.- Responsable do contrato.

A Administración nomeará director facultativo e resérvase o dereito de cambialo, notificándoo debidamente ao contratista.

A dirección e inspección das obras corresponde ao Técnico-Director das mesmas (Director de Obra e no seu caso Director de Execución da obra, de acordo co disposto nos art. 12 e 13 de la Lei 38/99 de 5 de novembro de Ordenación da Edificación), o que ditará as instrucións necesarias ao contratista para a normal e eficaz realización daquelas e sinalará o ritmo de execución conveniente, mediante as anotacións correspondentes no Libro de Ordes. Non obstante, a Presidencia do CMD poderá inspeccionar as obras cando o estime oportuno ou encomendar ditas funcións aos técnicos da Corporación.

Artigo 19.- Modificación do contrato.

En ningún caso o Técnico Director das obras ou o adxudicatario poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no contrato sen a debida aprobación técnica da modificación e a aprobación económica do orzamento reformado resultante, no seu caso, como consecuencia dela. A mencionada aprobación corresponderalle ao órgano de contratación, previa a redacción do proxecto, audiencia ao contratista, fiscalización do gasto e existencia de crédito. Todo elo sen prexuízo do disposto no art. 162.4 do TRLCSP, para os supostos a que se refire dito precepto.

Non obstante o disposto no apartado anterior só poderán introducirse variacións sen previa aprobación cando consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10 por 100 do prezo primitivo do contrato (art. 234 do TRLCSP).

Serán obrigatorias para o contratista as modificacións no contrato de obras que, con arranxo ao establecido no art. 234 do TRLCSP, produzan aumento, redución ou supresión das unidades de obra ou substitución dunha clase de fábrica por outra, sempre que esta sexa unha das comprendidas no contrato. En caso de supresión ou redución de obras, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha, sen prexuízo do que se establece no art. 234 do LCSP.

Cando como consecuencia da modificación do contrato aumente o prezo do mesmo, reaxustarase a garantía que se cuantificará no 5% do incremento experimentado no prezo de adxudicación (IVE excluído) Esta garantía deberá constituírse dentro do prazo máximo de 15 días naturais a contar dende a notificación de aprobación da modificación. A non constitución da garantía dentro de dito prazo dará lugar a resolución do contrato.

Artigo 20.- Recepción das obras e certificación final.

O contratista comunicará por escrito ao facultativo Director da obra a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de 10 días hábiles.

A recepción das obras realizárase como máximo dentro do mes seguinte á terminación das obras. Todo isto de conformidade co artigo 235 do TRLCSP.

O contratista ten obrigación de asistir á recepción da obra. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obrigación, o representante da Administración remitiralle un exemplar para que no prazo de dez días formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de contratación.

Do resultado da recepción levantarase unha acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles.

Cando as obras non se atopen en estado de ser recibidas farase constar así na acta e o director das mesmas sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido dito prazo o contratista non o houbera efectuado, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Dentro do prazo de 2 meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será abonada ao contratista a conta da liquidación do contrato unha vez cumpridos todos os trámites requiridos.

Artigo 21.- Prazo de garantía.

O prazo de garantía terá unha duración de cinco (5) anos a contar dende a recepción das obras.

Artigo 22.- Liquidación e devolución da garantía definitiva.

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o Director facultativo

da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fora favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no art. 236 do TRLCSP (responsabilidade por vicios ocultos), procedéndose á devolución ou cancelación da garantía e da liquidación, no seu caso, das obrigas pendentes aplicándose ao pago destas últimas o disposto no art. 217.4 do TRLCSP.
No caso de que o informe non fora favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía o Director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade algunha por ampliación do prazo de garantía.

Artigo 23.- Pagos.
O adxudicatario quedará obrigado a pagar o importe dos anuncios e cantos gastos se ocasionen con motivo da preparación e formalización do contrato (estímase nunha contía de 1.500 €).
A Administración, a efectos do pago, abonará as certificacións que comprendan a obra executada contra factura emitida polo importe da certificación dilixenciada polo director de obra e informe favorable do técnico municipal, previa aprobación polo Consello Reitor do CMD.

Artigo 24.- Prerrogativas do Consello Municipal de Deportes.
O contrato resultante deste prego é administrativo gozando a administración dos privilexios e prerrogativas que lle determina a lexislación vixente. As cuestións litixiosas serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo. 25.- Obrigacións do contratista.
O contratista está obrigado a cumprir a normativa laboral e demais leis especiais. O contrato obxecto deste concurso entenderase realizado a risco e ventura para o contratista.

Artigo 26.- Normativa aplicable
No non previsto neste prego estarase ao disposto no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, Lei de bases do réxime local e Real decreto lexislativo 781/86 e demais dereito aplicable.

ANEXO I

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONOMICA

Don/Dona..., con DNI núm... e enderezo en ..., en nome propio (ou en representación de..., segundo acredita con poder validado que acompaña), informado do proxecto básico e ede execución , orzamento, pregos de condicións e demais documentos do expediente, para contratar mediante procedemento aberto, tramitación anticipada, a execución das obras de "Reposición e mellora do céspede artificial e rego, do campo de futbol dos Remedios", comprométese a realizalas, con estrita suxeición ás condicións citadas, fai constar que :

1º Que se compromete a executalas por un prezo de :

Importe da obra sen IVE:.....

IVE:.....

Importe total:.....

2º Que se compromete a reducir o prazo de execución en _____ días, o que supón un prazo total de execución de _____ días.

(lugar, data e sinatura)

II ANEXO DECLARACIÓN RESPONSABLE
(A INTRODUCIR NO SOBRE "1")

……, con DNI/NIF ……. con domicilio en……. (no seu caso) en representación da mercantil ……. constituída ……. (referencia escritura) con CIF ……, representación que acredito con poder ……. (referencia escritura),

DECLARA baixo a súa responsabilidade que os datos achegados nesta declaración son exactos e comprométese a :

1. Que coñece os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas contidas no proxecto básico e de execución que serven de base ao contrato de "reposición e mellora de césped artificial e riego, do campo de futbol dos Remedios" e que os acepta incondicionalmente.
2. Que a empresa ……. á que represento, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar para contratar co sector público, esixidos nos artigos 54 e 72 do TRLCSP, acreditación que se compromete a realizar ante o órgano de contratación no prazo de 7 días naturais desde o seu requirimento e sempre con carácter previo á adxudicación do contrato.
3. Que a empresa á que represento, nin ningún dos seu membros, non incorren en ningunha das prohibicións para contratar sinaladas no artigo 60 do TRLCSP
4. Que a mercantil …….. ten obxecto social ou ámbito de actividade no que está comprendido inequivocamente o obxecto do presente contrato, sendo o mesmo ……., segundo consta nos estatutos de data ……. inscritos no Rexistro Mercantil de ……..
5. Que a mercantil ……. atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ao Estado, Comunidade Autónoma, Concello de Ourense e Consello Municipal de Deportes de Ourense e fronte á Tesourería Xeral da Seguridade Social que impoñen as disposicións vixentes.
6. Que a mercantil …….. atópase ao corrente no pago dos salarios e Seguridade Social dos traballadores do seu plantel
7. Que a mercantil …….. comprométese a cumprir as condicións especiais en canto a presentación de análisis do céspede artificial colocado na obra segundo o recollido nos prégos.
8. Que a mercantil ……comprométese a a presentar documentos acreditativos da solvencia económica e financiera, mediante declaración apropiada de entidade financiera.
9. No suposto de que a personalidade xurídica do empresario e no seu caso, a súa representación, así como o cumprimento dos requisitos de solvencia financeira e técnica ou profesional se acrediten mediante certificación dun Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas ou mediante certificado comunitario de clasificación, o licitador manifesta que as circunstancias que se reflicten no correspondente certificado non experimentaron variación.
10. Que a mercantil …… (si/non) pertence a un grupo de empresas. En caso afirmativo, se relacionarán as outras empresas do grupo que participan na presente licitación.

11. Que a mercantil …….. acepta o correo electrónico como medio de notificación das actuacións que resulten do presente expediente. A estes efectos sinala como dirección de correo electrónico o seguinte:

12. Que concorre a presente licitación en UTE coas seguintes mercantís: …… e de resultar adxudicatarias participarán no capital da UTE que se constitúa cada unha delas coas seguintes porcentaxes……, nomeando como representante ou apoderado único con poderes bastantes para exercitar o dereitos e cumprir as obrigas que se deriven do contrato ata a extinción do mesmo a …….

13. Que a mercantil ….....adquire o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais que se contemplan no mesmo.

14. No suposto de que o licitador sexa estranxeiro, comprométese a someterse á xurisdición dos Xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que directa ou indirectamente puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro estranxeiro que lle puidera corresponder.

15. Os datos para practicar nesta licitación toda clase de requirimentos, comunicacións e notificacións é o seguinte:

Domicilio (rúa, núm., andar, código posta, poboación e provincia)

……

Teléfonos: ……../…….. (móbil)……..

Fax: ……..

Enderezo electrónico: ……

Persoa de contacto: …….

Lugar, data, selo e sinatura.

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSA A EMPRESA NAS PROHIBICIÓNS PARA CONTRATAR

D/D.ª_____ con DNI n.º_____en nome propio ou en representación da empresa_____en calidade de _____o obxecto de formalizar o contrato denominado:

REPOSICIÓN E MELLORA DO CÉSPEDE ARTIFICIAL E REGO DO CAMPO DE FÚTBOL DOS REMEDIOS

do que é órgano de contratación o Consello Municipal de Deportes e de acordo co establecido no artigo 146.1.c) do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, declara baixo a miña responsabilidade:

Que a empresa _____ non está incursa nas prohibicións para contratar, conforme aosartigos 60 e 61 do TRLCSP

(SELO DA EMPRESA E FIRMA AUTORIZADA)

Asinado: